

# **Departamento de Lingua Inglesa**

## **Programación didáctica 2021-2022**

## Índice

1. Introducción
  - 1.1. Xustificación da programación
  - 1.2. As competencias claves integradas
  - 1.3. Plan de traballo do departamento de inglés
2. Contextualización da programación
  - 2.1. Composición do departamento de lingua estranxeira (inglés)
  - 2.2. Cursos nos que imparte docencia o departamento de inglés e distribución do alumnado
  - 2.3. Características do alumnado
3. Contribución da materia de lingua estranxeira ao desenvolvemento das competencias clave
  - 3.1. Introducción: as competencias clave
  - 3.2. Contribución da materia de lingua estranxeira ao desenvolvemento das competencias clave
4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación
  - 4.1. Obxectivos xerais
  - 4.2. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación de 1º de ESO
  - 4.3. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación de 2º de ESO
  - 4.4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación de 3º de ESO
  - 4.5. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación de 4º de ESO
5. Concreción, temporalización e grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliáveis
  - 5.1. Concreción de estándares de aprendizaxe para 1º de ESO
  - 5.2. Concreción de estándares de aprendizaxe para 2º de ESO
  - 5.3. Concreción de estándares de aprendizaxe para 3º de ESO
  - 5.4. Concreción de estándares de aprendizaxe para 4º de ESO
6. Metodoloxía
  - 6.1. Bases metodolóxicas
  - 6.2. Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe
7. Materiais e recursos didácticos
8. Temporalización
  - 8.1. Temporalización 1º ESO
  - 8.2. Temporalización 2º ESO
  - 8.3. Temporalización 3º ESO
  - 8.4. Temporalización 4º ESO
9. Avaliación
  - 9.1. Procedementos de avaliación
  - 9.2. Recursos de avaliación
  - 9.3. Indicadores das competencias clave
  - 9.4. Rúbrica para a avaliación das competencias clave
  - 9.5. Recursos de avaliación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis por curso
    - 9.5.1. Rubricas e descritores para a avaliación do estándares para 1º de ESO
    - 9.5.2. Rubricas e descritores para a avaliación do estándares para 2º de ESO

9.5.3. Rubricas e descritores para a avaliación do estándares para 3º de ESO

9.5.4. Rubricas e descritores para a avaliación do estándares para 4º de ESO

10. Criterios de avaliación e cualificación

11. Avaliación extraordinaria

12. Criterios de promoción

13. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

14. Plan específico de alumnos repetidores

15. Plans relativos aos posibles escenarios durante o curso 2020-2021 relacionados coa crise sanitaria do COVID-19

16. Atención a diversidade

17. Criterios e procedementos para realizar as adaptacións curriculares

18. Actividades complementarias e extraescolares

19. Accións para a contribución ao proxecto lector do centro

19.1. Obxectivos

19.2. Metodoloxía

19.3. Actividades

19.4. Temporalización

19.5. Itinerarios lectores

19.6. Seguimento e avaliación

20. Accións para a contribución ao plan de convivencia

21. Tratamento do fomento das TICs

22. Avaliación do proceso de ensino e práctica docente

22.1. Concreción dos indicadores do proceso de ensino

22.2. Concreción dos indicadores da práctica docente

23. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

## 1. Introducción

### 1.1. Xustificación da programación

O obxectivo do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado

debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

Esta programación desenvolve, entre outros, os elementos curriculares que, de acordo coa Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa, son os seguintes:

a) Os **obxectivos** de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos ós logros que o alumno debe alcanzar ó finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas con tal fin.

b) As **competencias**, ou capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias.

Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en disciplinas, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.

d) A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

e) Os **criterios de avaliación** do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en termos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ó que se pretende lograr coa materia.

f) Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis**: concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber, e saber facer, en cada materia. Deben permitir graduar o coñecemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliáveis, xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

## 1.2. As competencias claves integradas

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que sabe aplicalo, pero ademais que sabe ser e estar. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

## 1.3. Plan de traballo do departamento de inglés

Para levar á práctica o noso proxecto é necesario que todos e todas os/as docentes que conforman o departamento colaboren de forma organizada e coordinada. É por isto que elaboramos o seguinte plan anual:

MES	ACTIVIDADES E DOCUMENTACIÓN	OBSERVACIÓNS
SETEMBRO	Realización Probas Extraordinarias	Foron elaboradas polo docente correspondente ao remate do curso

		anterior.
	Reunión ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración do plan de traballo do departamento para o curso actual.</li> <li>- Organización do curso escolar.</li> <li>- Propostas para o PXA.</li> </ul>
	Elaboración da Programación Didáctica e do programa das actividades complementarias e extracolexivas.	-Tendo en conta as instrucións en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021-22
	Elaboración dun resumo das programacións para o alumnado.	Este resumo será exposto na páxina web do centro para maior difusión
<b>OUTUBRO</b>	Elaboración de plans de Recuperación de Materias Pendentes.	Unha vez feita a avaliación inicial deixarase constancia na acta de reunións do mes.
	Elaboración das posibles ACIS	Unha vez feita a avaliación inicial deixarase constancia na acta de reunións do mes.
	Reunión ordinaria	- Analizar o grao de desenvolvemento da programación.
<b>NOVEMBRO</b>	Reunión ordinaria	- Analizar o grao de desenvolvemento da programación.
<b>DECEMBRO</b>	Reunión Ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar o grao de desenvolvemento da programación.</li> <li>- Análise e valoración dos resultados da 1ª Avaliación.</li> <li>- Establecemento das modificacións oportunas e propostas de mellora a partir dos resultados anteriores.</li> <li>- Análise e Valoración do proceso de ensino e da práctica docente.</li> </ul>

<b>XANEIRO</b>	- Reunión ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar o grao de desenvolvemento da programación.</li> <li>- Seguemento e valoración do 1º Trimestre das ACS (se procede), Plans específicos de repetidores e de materias pendentes.</li> <li>- Establecemento das modificacións oportunas e propostas de mellora a partir dos resultados nos documentos anteriores.</li> </ul>
<b>FEBREIRO</b>	- Reunión ordinaria	Analizar o grao de desenvolvemento da programación.
<b>MARZO</b>	- Reunión ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>Analizar o grao de desenvolvemento da programación.</li> <li>- Análise e valoración dos resultados da 2ª Avaliación.</li> <li>- Establecemento das modificacións oportunas e propostas de mellora a partir dos resultados anteriores.</li> <li>- Seguimento e valoración do 2º Trimestre das ACS (se procede), plans específicos de repetidores e de materias pendentes.</li> <li>- Análise e Valoración do proceso de ensino e da práctica docente.</li> </ul>
<b>ABRIL</b>	- Reunión ordinaria	- Analizar o grao de desenvolvemento da programación.
<b>MAIO</b>	- Reunión ordinaria	- Analizar o grao de desenvolvemento da programación.



		-Organización das probas de recuperación das materias pendentes.
<b>XUÑO</b>	Reunión ordinaria	- Analizar o grao de desenvolvemento da programación.  - Análise dos resultados das probas de recuperación de materias pendentes.  - Análise e valoración dos resultados da 3ª Avaliación.  - Seguimento e valoración do 3º Trimestre das ACS (se procede), plans específicos de repetidores e de materias pendentes.  - Elaboración da memoria final do departamento coas propostas de mellora pertinentes.
	Realización probas extraordinarias.	- Elaboración, realización e avaliación das probas da convocatoria extraordinaria.

Ademais, mensualmente, na revisión das programacións terase en conta, alomenos, as seguintes cuestións:

- Cumprimento da temporalización prevista das unidades didácticas.
- Adecuación das actividades propostas, en especial as de reforzo e ampliación para atender á diversidade da aula.
- Adecuación da metodoloxía, recursos empregados e agrupamentos do alumnado.

Revisión das actividades complementarias e extraescolares realizadas ata o momento.

## 2. Contextualización da programación

### 2.1. Composición do departamento de lingua estranxeira (inglés)

1- LUCÍA ROMAUS RICO	Xefa de Departamento, 1º ESO (B, C e D) e 4º ESO
2- POR DETERMINAR	2º e 3º ESO
3- ANTÍA ÁLVAREZ MOURE	1º ESO A

## 2.2. Cursos nos que imparte docencia o departamento de inglés e distribución do alumnado

Curso	Nº de alumnos/as	Nº de grupos
1º ESO	75	4
2º ESO	63	3
3º ESO	46	3
4º ESO	59	3

## 2.3. Características do alumnado

Polo que ás características do alumnado se refire, o campo de extensión do centro CPI da Cañiza, abrangue a todas as parroquias da Cañiza así coma algunhas de concellos colindantes coma Arbo. O alumnado polo tanto procede de zonas rurais, e en gran medida, de núcleos pequenos e moi dispersos. Os niveis de desenvolvemento, tanto económico coma cultural, son baixos, e isto fai necesario, máis ca noutros sitios, a utilización de material educativo proporcionado polo centro e por cada departamento. Unha consecuencia do antedito son as grandes dificultades dunha parte do alumnado para acadar os niveis mínimos de coñecementos axeitados ó curso no que se atopan.

É un obxectivo prioritario deste Departamento paliar a situación de desmotivación e abandono da materia.

### **3. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave**

#### **3.1. Introducción: as competencias clave**

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

- 1- Comunicación lingüística
- 2- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- 3- Competencia dixital
- 4- Aprender a aprender
- 5- Competencias sociais e cívicas
- 6- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- 7- Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas.

Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

## **1. Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgúnhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma

destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

- compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

## **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicarlos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre

os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

### **3. Competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información

dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

#### **4. Aprender a aprender**

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

#### **5. Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

## **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a



capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

## **7. Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

### **3.2. Contribución da materia de lingua estranxeira ao desenvolvemento das competencias clave**

Aprender unha nova lingua é, de certo, un dos retos máis difíciles aos que se enfrontan os/as estudantes ao longo da súa vida académica, sobre todo porque supón mergullarse de maneira activa nunha cultura e unha visión da vida moi diferentes da súa. A medida que aprenden un idioma, desenvolven unha serie de competencias clave da aprendizaxe. Ademais de adquirir a Competencia en comunicación lingüística, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira como a lingua inglesa tamén leva á adquisición doutras competencias:

#### **1. Competencia en comunicación lingüística:**

Os alumnos realizan unha grande variedade de actividades que promoven a comunicación real na aula, cun desenvolvemento sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar. Utilizarán a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, desenvolvendo esta competencia en tódalas unidades.

#### **2. Competencia dixital:**

Esta competencia desenvólvese en tódalas unidades a través de:

- Practicar e familiarizarse co funcionamento de varias competencias dixitais e informáticas a través do curso utilizando:
  - The World Wide Web a través de Internet.
  - Os encerados interactivos (Interactive whiteboards).
  - Blogs, por exemplo: <http://edublogs.org>, <https://blogger.com/start>
  - Wikis ou páxinas web creadas e editadas por un grupo de xente, por exemplo: <http://www.wikispaces.com> ou <http://pbworks.com/academic.wiki>
  - Podcasts ou arquivos de audio e vídeo que poden ser vistos no ordenador, o mp3 e nalgúns teléfonos móbiles.
- Interpretar e procesar a información de táboas e cadros.
  - Digital Teacher's Pack e recursos na web con práctica interactiva, vídeo, material de audio, etc.
  - A versión dos libros dixitais: Student's Book e Workbook.

### **3. Competencias sociais e cívicas:**

En cada unha das unidades realízanse actividades que desenvolven as destrezas sociais de cooperación e traballo colaborativo cos seus compañeiros, a través por exemplo do debate.

As tarefas baseadas na realidade permiten ós alumnos tratar cunha ampla variedade de situacións de comunicación de forma satisfactoria.

- Esta competencia desenvólvese a través de traballar as habilidades e destrezas esenciais de comunicación como:
- Diálogos e intercambios comunicativos.
- Socializar e participar nas actividades da aula, construíndo e aceptando normas de convivencia: (constatar e asumir diferenzas e similitudes nos gustos e intereses das persoas, aprender normas de cortesía e saúdos).
- Esta competencia favorece a comprensión da realidade histórica e social do mundo: como coñecer información sobre os rapaces e as súas afeccións noutros lugares.
- En diferentes unidades apréndese sobre un tema nun contexto social e histórico e foméntase o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario.
- As actividades por parellas, como a práctica de pequenos diálogos, favorece as relacións sociais entre os alumnos, a cooperación e o traballo en equipo.

### **4. Conciencia e expresións culturais:**

Desenvólvese esta competencia a través dos textos de lectura, particularmente na lección cultural, apoiadas con vídeos documentais e vídeos culturais.

- Produción dunha peza de escritura orixinal e creativa: Un diálogo sobre o propio alumno e o seu compañeiro ou compañeira.
- Utilizar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos e informacións diversas.
- Existen apartados no libro que proporcionan axuda para a comprensión doutros países e culturas.
- Tódalas unidades ofrecen a posibilidade de poder expresar as súas ideas de forma creativa e actividades de produción oral e escrita.

### **5. Aprender a aprender:**

- Entender e utilizar boas prácticas de aprendizaxe na clase: elaborar un caderno / ficheiro co vocabulario aprendido.
- Utilizar as seccións do apéndice do libro de texto como estratexia para desenvolver as propias capacidades.
- Empregar as fileiras de introdución da unidade para planificar o traballo e ter claros os obxectivos propostos.

### **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

O sentido da iniciativa é outra das competencias que se teñen en conta dentro dos diferentes niveis xa que o método axuda ós alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar la iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real.

- Responsabilizarse das tarefas e actividades propostas na unidade
- Utilizar o material de referencia proposto para a unidade de forma adecuada.
- Dispoñer e manexar as habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en parellas e en equipo de forma cooperativa e flexible en todas as ocasións que requiran as actividades comunicativas da unidade: repetición e construción de novos diálogos, representación, etc.
- Organizar o traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe. Memorizar nesta unidade como expresarse para pedir ou rexeitar algo prestado.
- Responder aos exercicios, formulados nas distintas seccións, de forma individual ou colectiva con creatividade, confianza, responsabilidade de estudo e sentido crítico.
- Realización de actividades de produción oral que permitan ós alumnos expresar a súa opinión persoal, escoitar a outros alumnos e os fai reflexionar, por exemplo, sobre considerar outras ideas.
- Os proxectos supoñen un reto para o alumno no tocante ó traballo, aplicar os seus coñecementos fóra da aula, organizarse e presentar as súas ideas, desenvolver a negociación, planificar, tomar decisións, etc.

## **7. Matemática, ciencia e tecnoloxía:**

Diferentes actividades traballadas ó longo do libro do alumno axudan ó desenvolvemento destas competencias. Numerosas actividades requiren o uso de números, interpretación de gráficas, presentación de datos, etc.

## **4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación**

### **4.1. Obxectivos xerais**

O currículo básico establece que a Educación Secundaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos , exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquier outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supongan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para , con sentido crítico , adquirir novos coñecementos . Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concebir o coñecemento científico coma un saber integrado , que se estrutura en distintas disciplinas , así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico , a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección , oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castellana, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis lingua s estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demás , así como o patrimonio artístico e cultural . Coñecer mulleres e homes que ralizaran aportacións importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros , respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde , o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a

diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono.

#### 4.2. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación de 1º de ESO

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i	<p><b>B1.1.</b> Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</b></li> <li>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</li> <li>– <b>Identificación de palabras chave.</b></li> <li>– <b>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</b></li> <li>– <b>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</b></li> <li>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</li> </ul> <p><b>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</b></p> <p><b>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</b></p>	<p><b>B1.1.</b> Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p><b>B1.2.</b> Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p><b>B1.3.</b> Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre <input type="checkbox"/> asuntos cotiáns en situacións habituais <input type="checkbox"/> escolares e da familia ou do <input type="checkbox"/> propio campo de interese, sempre <input type="checkbox"/> que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p><b>B1.4.</b> Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas,</p>

		<p>reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p><b>B1.5.</b> Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</p> <p><b>B1.6.</b> Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.</p>
--	--	--

**BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p>a c d i</p>	<p><b>B2.1.</b> Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación.</li> <li>– <b>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</b></li> <li>– <b>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</b></li> <li>– <b>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</b></li> <li>– <b>Execución.</b></li> <li>– <b>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</b></li> <li>– <b>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.</b></li> <li>– <b>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</b></li> <li>– <b>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:</b> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Modificación de palabras de significado parecido.</li> <li>– Definición ou paráfrase dun termo ou unha expresión.</li> </ul> </li> </ol> </li> </ul>	<p><b>B2.1.</b> Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p><b>B2.2.</b> Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p> <p><b>B2.3.</b> Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.</p> <p><b>B2.4.</b> Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para</p>



	<p>2. Paralingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Petición de axuda ou clarificación.</li> <li>– Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.</li> <li>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</li> <li>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</li> <li>– Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</li> </ul> <p><b>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</b></p> <p><b>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación:</b> chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas.</p>	<p>organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, me o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p><b>B2.5.</b> Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacialme temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).</p> <p><b>B2.6.</b> Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p><b>B2.7.</b> Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p>
--	--	---

BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS		
OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d e i	<p><b>B3.1.</b> Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial:</b> imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>– <b>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa</b> (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</li> <li>– Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.</li> <li>– <b>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa</b> (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>– <b>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</b></li> <li>– <b>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da</b></li> </ul>	<p><b>B3.1.</b> Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p><b>B3.2.</b> Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).</p> <p><b>B3.3.</b> Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en</p>

	<p><b>comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</b> – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <b>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</b></p>	<p>situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais enon textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. <b>B3.4.</b> Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. <b>B3.5.</b> Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. <b>B3.6.</b> Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.</p>
--	--	---

**BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i	<p><b>B4.1.</b> Estratexias de produción: – Planificación. – <b>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa</b> (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – <b>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos</b> (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. – <b>Execución.</b> – <b>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</b> – <b>Estructuración do contido do texto.</b> – <b>Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</b></p>	<p><b>B4.1.</b> Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.). <b>B4.2.</b> Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</b></li> <li>– <b>Reaxuste da tarefa</b> (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</li> <li>– Recurso aos coñecementosprevios (utilizar frases feitas elocucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.).</li> <li>– Revisión:</li> <li>– <b>Identificación de problemas, erros e repeticións.</b></li> <li>– <b>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</b></li> <li>– <b>Presentación coidada do texto</b> (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</li> <li>– Reescritura definitiva.</li> </ul>	<p>sinxela e predicible.</p> <p><b>B4.3.</b> Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p><b>B4.4.</b> Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p><b>B4.5.</b> Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empreñando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.</p> <p><b>B4.6.</b> Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.</p>
--	--	--

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p>a c d i o</p>	<p><b>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Sons e fonemas vocálicos.</li> <li>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</li> <li>– Procesos fonolóxicos básicos.</li> <li>– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</li> </ul> <p><b>B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, paréntesis e comiñas.</li> </ul> <p><b>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.</b></li> <li>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes</li> </ul>	<p><b>B5.1.</b> Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.</p> <p><b>B5.2.</b> Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso do voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).</p> <p><b>B5.3.</b> Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.</p> <p><b>B5.4.</b> Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar</p>

	<p>relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>– <b>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</b></p> <p>– <b>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</b></p> <p><b>B5.4. Plurilingüismo.</b></p> <p>– <b>Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</b></p> <p>– Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p><b>B5.5. Funcións comunicativas.</b></p> <p>– <b>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.</b></p> <p>– <b>Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</b></p> <p>– <b>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.</b></p> <p>– <b>Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.</b></p> <p>– Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.</p> <p>– Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>– Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.</p> <p>– <b>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</b></p>	<p>curiosidade e respecto ante as diferenzas.</p> <p><b>B5.5.</b> Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p><b>B5.6.</b> Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p><b>B5.7.</b> Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.</p> <p><b>B5.8.</b> Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p><b>B5.9.</b> Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>
--	--	---

	<p><b>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común</b> relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais,</li> <li>- <b>Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</b></li> <li>- Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</li> </ul> <p><b>B5.7. Estructuras sintácticodiscursivas</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Expresión de relacións lóxicas:</b> conxunción (<i>and, too, also</i>); disxunción (<i>or</i>); oposición (<i>but</i>); causa (<i>because</i> (<i>of</i>); <i>due to</i>); finalidade (<i>to + infinitive; for</i>); comparación (<i>as/not so + Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest</i>); resultado(<i>so...</i>); condición (<i>first conditional</i>).</li> <li>- Relacións temporais (<i>as soon as; while</i>).</li> <li>- <b>Afirmación</b> (<i>affirmative sentences; tags</i>).</li> <li>- <b>Exclamación</b> (<i>What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!</i>).</li> <li>- <b>Negación</b> (<i>negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags</i>).</li> <li>- <b>Interrogación</b> (<i>Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags</i>).</li> <li>- Expresión do tempo: pasado (<i>past simple and continuous; present perfect; presente (present simple and continuous)</i>); futuro (<i>going to; will; present simple and continuous + Adv.</i>).</li> <li>- Expresión do aspecto: puntual (<i>simple tenses</i>); durativo (<i>present and past simple/perfect</i>); habitual (<i>simple tenses + Adv., e. g. usually; used to</i>); incoativo (<i>start + verb+ ing</i>); terminativo (<i>stop + verb+ ing</i>).</li> <li>- <b>Expresión da modalidade:</b> factualidade (<i>declarative sentences</i>); capacidade (<i>can; be able to</i>); posibilidade/probabilidade (<i>may; might;</i></li> </ul>	
--	---	--

	<p><i>perhaps</i>); necesidade (<i>must; need; have (got)to</i>); obriga (<i>have (got) to; must; imperative</i>); permiso (<i>could; allow</i>); intención (<i>present continuous</i>).</p> <p>- Expresión da existencia (e.g. <i>there will be/has been</i>); a entidade (<i>count/uncount/collective/compound nouns; pronouns(relative, reflexive/emphatic); determiners</i>); a calidade (e. g. <i>good atmaths; rather tired</i>).</p> <p>- <b>Expresión da cantidade</b> (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. <i>all (the), most, both, none</i>. Degree: e. g. <i>really; quite; so; a little</i>).</p> <p>- <b>Expresión do espazo</b> (<i>prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement</i>).</p> <p>- <b>Expresión do tempo</b> (<i>points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season)</i>, and indications (<i>ago; early; late</i>) of estate;duration (<i>from...to; during; until; since</i>); anteriority (<i>already; (not) yet</i>); posteriority (<i>afterwards; later</i>); sequence (<i>first, next, last</i>); simultaneousness (<i>while, as</i>); frequency (e. g. <i>often, usually</i>).</p> <p>- Expresión do modo (<i>Adv. and phrases of manner, e.g. easily; by post</i>).</p>	
--	--	--

### 4.3. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación de 2º de ESO

BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i	<p>B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</li> <li>- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</li> <li>- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</li> <li>- Identificación de palabras clave.</li> <li>- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</li> <li>- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que</li> </ul>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.</p> <p>B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan</p>

	<p>descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</li> <li>- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</li> <li>- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</li> <li>- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</li> <li>- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</li> <li>- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul>	<p>vocabulario propio do nivel.</p> <p>B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiáns, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p>B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</p> <p>B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.</p>
--	---	---

**BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d e i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</li> <li>- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</li> </ul> </li> <li>- Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</li> <li>- Activación dos coñecementos</li> </ul> </li> </ul>	<p>B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.</p> <p>B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela,</p>

	<p>previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lingüísticos:                 <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modificación de palabras de significado parecido.</li> <li>- Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión.</li> <li>- Petición de axuda ou clarificación.</li> </ul> </li> <li>- Paralingüísticos:                 <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</li> <li>- Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)</li> <li>- Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.).</li> <li>- Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou ónte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p>	<p>nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.</p> <p>B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.</p> <p>B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p>
--	--	--



BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</li> <li>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</li> <li>– Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.</li> <li>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</li> <li>– Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</li> <li>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.</p> <p>B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.</p> <p>B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.</p>

**BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.)</li> <li>- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.).</li> </ul> </li> <li>- Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun borrador.</li> <li>- Estruturación do contido do texto.</li> <li>- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</li> <li>- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles.</li> <li>- Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</li> </ul> </li> <li>- Revisión: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de problemas, erros e repeticións.</li> <li>- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</li> <li>- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</li> <li>- Reescritura definitiva.</li> </ul> </li> </ul> <p>B4.2. Características textuais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar.</li> </ul>	<p>B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo.</p> <p>B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.</p> <p>B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo.</p> <p>B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc.</p> <p>B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.</p> <p>B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sons e fonemas vocálicos.</li> <li>- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</li> <li>- Procesos fonolóxicos básicos.</li> <li>- Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</li> </ul> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</li> </ul> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.</li> <li>- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</li> <li>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> </ul> <p>B5.4. Plurilingüismo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</li> <li>- Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> <li>- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións.</p> <p>B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.</p> <p>B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.5. Utilizar as experiencias e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.</p> <p>B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.</p> <p>B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>

	<p>B5.5. Funcións comunicativas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.</li> <li>- Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> <li>- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.</li> <li>- Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.</li> <li>- Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.</li> <li>- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</li> <li>- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</li> <li>- Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.</li> <li>- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</li> </ul> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais,</li> <li>- Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</li> <li>- Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</li> </ul> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>and, too, also</i>); disxunción (<i>or</i>); oposición (<i>but</i>); causa (<i>because (of), due to</i>); finalidade (<i>to + infinitive; for</i>); comparación (<i>as/not so + Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest</i>); resultado (<i>so...</i>); condición (<i>if, unless</i>).</li> <li>- Relacións temporais (<i>as soon as; while</i>).</li> </ul>	
--	---	--

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Afirmación (<i>affirmative sentences; tags</i>)</li> <li>- Exclamación (<i>What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful trip!; How + Adj., e. g. How amazing!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great! Terrific!</i>).</li> <li>- Negación (<i>negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry), nobody, nothing; negative tags</i>).</li> <li>- Interrogación (<i>Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags</i>).</li> <li>- Expresión do tempo: pasado (<i>past simple and continuous; present perfect</i>); presente (<i>present simple and continuous</i>); futuro (<i>going to; will; present simple and continuous + Adv.</i>).</li> <li>Expresión do aspecto: puntual (<i>simple tenses</i>); durativo (<i>present and past simple/perfect; and future continuous</i>); habitual (<i>simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to</i>); incoativo (<i>start – ing</i>); terminativo (<i>stop –ing</i>).</li> <li>- Expresión da modalidade: factualidade (<i>declarative sentences</i>); capacidade (<i>can; be able</i>); posibilidade/probabilidade (<i>may; might; perhaps</i>); necesidade (<i>must; need; have (got) to</i>); obriga (<i>have (got) to; must; imperative</i>); permiso (<i>could; allow</i>); intención (<i>present continuous</i>).</li> <li>- Expresión da existencia (<i>e. g. there will be/has been</i>); a entidade (<i>count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners</i>); a calidade (<i>e. g. good at maths; rather tired</i>).</li> <li>- Expresión da cantidade (<i>singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little</i>).</li> <li>- Expresión do espazo (<i>prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement</i>).</li> <li>- Expresión do tempo (<i>points (e. g. five to ten); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estafe; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)</i>).</li> <li>- Expresión do modo (<i>Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post</i>).</li> </ul>	
--	--	--

#### 4.4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación de 3º de ESO

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</li> <li>- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</li> <li>- <b>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</b></li> <li>- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</li> <li>- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</li> <li>- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> <li>- <b>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</b></li> <li>- <b>Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.</b></li> </ul> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. <b>Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito</b></p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B1.2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (información básica sobre algunha materia do currículo, temas do seu interese ou ocupacionais propios da súa idade e do seu nivel escolar), pronunciadas con lentitude e claridade.</p> <p>B1.3. Comprender os puntos principais e información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e que se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas claras e pausadas que teñen lugar na súa presenza, nas que se describan, narren ou se dean opinións sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, sempre que poida pedir información.</p> <p>B1.6. Comprender preguntas, solicitude de informacións e cambios moi evidentes de tema en situacións comunicativas cara a cara en que se lle pregunte sobre asuntos básicos e coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>B1.7. Comprender o sentido xeral e a información específica sinxela de programas de televisión, tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén cun apoio de</p>

imaxes moi redundantes.

**BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p>a c d i</p>	<p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación.</li> <li>- Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</li> <li>- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograra intención comunicativa</li> <li>- Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</li> <li>- Execución.</li> <li>- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</li> <li>- <b>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.</b></li> <li>- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>- <b>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:</b></li> </ul> <p><b>Lingüísticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Modificación de palabras de significado parecido.</b></li> <li>- <b>Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión.</b></li> </ul> <p><b>Paralingüísticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Petición de axuda ou clarificación.</b></li> <li>- <b>Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.</b></li> <li>- <b>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</b></li> <li>- <b>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</b></li> <li>- <b>Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</b></li> </ul>	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <p>B2. 2. Manexar frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de xeito suficiente e comprensible en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a comunicación en situacións menos comúns.</p> <p>B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación da persoa interlocutora.</p> <p>B2.4. Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din.</p> <p>B2.5. Participar en conversas básicas sobre temas predicibles e con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, reaccionar perante invitacións e propostas), e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p>B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.</p>

	<p><b>B2.2.</b> Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p><b>B2.3.</b> Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente,</p> <p>conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas.</p>	
--	--	--

### BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d e i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e tema.</li> <li>- <b>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</b></li> <li>- Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo), adaptando a comprensión a el.</li> <li>- <b>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</b></li> <li>- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</li> <li>- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</li> <li>- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p><b>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</b></p>	<p>.B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñece, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p> <p>B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas relativas aos seus intereses nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.</p>

### BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
------------	----------	-------------------------



<p>a c d i</p>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</b></li> <li>- <b>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</b></li> </ul> </li> <li>- Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Elaboración dun borrador.</b></li> <li>- <b>Estruturación do contido do texto.</b></li> <li>- <b>Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</b></li> <li>- <b>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</b></li> <li>- <b>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</b></li> <li>- <b>Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</b></li> </ul> </li> <li>- Revisión: <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Identificación de problemas, erros e repeticións.</b></li> <li>- <b>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</b></li> <li>- <b>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</b></li> <li>- <b>Reescritura definitiva.</b></li> </ul> </li> </ul> <p>B4.2. Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.</p>	<p>B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p> <p>B4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto).</p> <p>B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes).</p> <p>B4.4. Escribir, en soporte impreso ou nas redes sociais, textos sinxelos e breves (notas, cartas persoais, postais, felicitacións, etc.), que conteñan información persoal ou relativa á vida cotiá, de primeira necesidade ou do seu interese, a partir de modelos previos, usando as fórmulas básicas de saúdo e despedida propias do soporte utilizado, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións ben estruturadas e cunha orde lóxica.</p> <p>B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>
----------------------------	--	---

**BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p>a c d i o</p>	<p>B5.1. <b>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Sons e fonemas vocálicos.</b></li> <li>- <b>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</b></li> <li>- <b>Procesos fonolóxicos básicos.</b></li> <li>- <b>Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</b></li> </ul> <p>B5.2. <b>Patróns gráficos e convencións ortográficas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</b></li> <li>- <b>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</b></li> </ul> <p>B5.3. <b>Aspectos socioculturais e</b></p>	<p>B5.1. <b>Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</b></p> <p>B5.2. <b>Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</b></p> <p>B5.3. <b>Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.</b></p>

	<p>sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso de convencións sociais e normas de cortesia dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira.</li> <li>- <b>Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</b></li> <li>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</li> <li>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> </ul> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Recoñecemento da realidade multilingüe do propio contorno.</b></li> <li>- <b>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</b></li> <li>- <b>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</b></li> </ul> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.</b></li> <li>- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> <li>- .</li> <li>- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</li> <li>- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.</li> <li>- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</li> <li>- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</li> <li>- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</li> <li>- Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</li> </ul> <p>B5.6. Léxico oral e escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e</p>	<p>B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesia máis importantes nos contextos respectivos</p> <p>B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).</p> <p>B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiáns, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.</p> <p>B5.9. Reformular o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.</p> <p>B5.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>
--	---	---

	<p>vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</li> <li>- Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</li> </ul> <p>B5.7. Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.</p> <p>B5.8. Estructuras sintáctico-discursivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>and, too, also</i>); disxunción (<i>or</i>); oposición (<i>but</i>); causa (<i>because (of); due to</i>); finalidade (<i>to + infinitive; for</i>); comparación (<i>as/not so + Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest</i>); resultado (<i>so...</i>); condición (<i>if; unless</i>).</li> <li>- Relacións temporais (<i>as soon as; while</i>).</li> <li>- Afirmación (<i>affirmative sentences; tags</i>)</li> <li>- Exclamación (<i>What + (Adj. +) noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!</i>).</li> <li>- Negación (<i>negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. no problem), nobody, nothing; negative tags</i>).</li> <li>- Interrogación (<i>Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags</i>).</li> <li>- Expresión do tempo: pasado (<i>past simple and continuous; present perfect; past perfect</i>); presente (<i>present simple and continuous</i>); futuro (<i>going to; will; present simple and continuous + Adv.</i>).</li> <li>- Expresión do aspecto: puntual (<i>simple tenses</i>); durativo (<i>present and past simple/perfect; and future continuous</i>); habitual (<i>simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to</i>); incoativo (<i>start -ing</i>); terminativo (<i>stop -ing</i>).</li> <li>- Expresión da modalidade: factualidade (<i>declarative sentences</i>); capacidade (<i>can; be able</i>); posibilidade/probabilidade (<i>may; might; perhaps</i>); necesidade (<i>must; need; have (got) to</i>); obriga (<i>have (got) to; must; imperative</i>); permiso (<i>could; allow</i>); intención (<i>present continuous</i>).</li> <li>- Expresión da existencia (<i>e. g. there</i></li> </ul>	
--	--	--

	<p><i>will be/has been</i>); a entidade (<i>count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners</i>); a calidade (e. g. <i>good at maths; rather tired</i>).</p> <p>- Expresión da cantidade (<i>singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little</i>).</p> <p>- Expresión do espazo (<i>prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement</i>).</p> <p>- Expresión do tempo (<i>points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estafe; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually</i>).</p> <p>- Expresión do modo (<i>Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post</i>).</p> <p>- <i>Make and do</i>.</p>	
--	---	--

#### 4.5. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación de 4º de ESO

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</li> <li>- Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada).</li> <li>- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</li> <li>- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</li> <li>- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</li> <li>- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</li> <li>- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.</p>

		<p>B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.</p> <p>B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.</p> <p>B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.</p>
--	--	--

**BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</li> <li>- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</li> <li>- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</li> <li>- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</li> </ul> </li> <li>- Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión da mensaxe con claridade, coherencia,</li> </ul> </li> </ul>	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.</p> <p>B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e</p>

	<p>estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>- Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</li> <li>- Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</li> <li>- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lingüísticos:                 <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modificación de palabras de significado parecido.</li> <li>- Definición ou reformulación dun termo ou expresión.</li> <li>- Petición de axuda.</li> </ul> </li> <li>- Paralingüísticos:                 <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</li> <li>- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica, etc.).</li> <li>- Uso de sons cuasilingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	<p>opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles.</p> <p>B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.</p> <p>B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.</p> <p>B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.</p>
--	---	---

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS		
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d e i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</li> <li>- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</li> <li>- Distinción de tipos de comprensión</li> </ul>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro</p>

	<p>(sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</li> <li>- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</li> <li>- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul>	<p>docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.).</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.</p> <p>B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.</p> <p>B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.</p> <p>B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.</p>
--	---	---

**BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</li> <li>- Localización e uso adecuado dos recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou</li> </ul> </li> </ul>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva).</p>

	<p>dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun borrador.</li> <li>- Estruturación do contido do texto.</li> <li>- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</li> <li>- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</li> <li>- Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</li> </ul> </li> <li>- Revisión:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de problemas, erros e repeticións.</li> <li>- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</li> <li>- Reescritura definitiva.</li> <li>- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).</li> </ul> </li> </ul>	<p>B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.</p> <p>B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).</p> <p>B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.</p> <p>B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p> <p>B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>
--	---	--

**BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sons e fonemas vocálicos.</li> <li>- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</li> <li>- Procesos fonolóxicos básicos.</li> <li>- Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</li> </ul>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso</p>



	<p>B5. 2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</li> </ul> <p>B5. 3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal.</li> <li>- Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.) e a costumes, valores, crenzas e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a cultura dos países falantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Identificación das similitudes e as diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</li> <li>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> </ul> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</li> <li>- Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> <li>- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.</li> <li>- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> <li>- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.</li> </ul>	<p>de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).</p> <p>B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).</p> <p>B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada</p> <p>B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restructuración da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).</p>
--	---	--

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</li> <li>- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.</li> <li>- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</li> <li>- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</li> <li>- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</li> <li>- Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</li> </ul> <p>B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.</li> <li>- Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</li> </ul> <p>B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación.</p> <p>B5.8. Estruturas sintáctico-discursivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>and, too, also</i>); disxunción (<i>or</i>); oposición (<i>but</i>); causa (<i>because of</i>); finalidade (<i>to + infinitive; for</i>); comparación (<i>as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest</i>); resultado (<i>so...</i>); condición (<i>if; unless</i>); estilo indirecto (<i>reported information, offers, suggestions and commands</i>).</li> <li>- Relacións temporais (<i>the moment (she left); while</i>).</li> <li>- Be used to/ get used to.</li> </ul>	<p>B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>
--	---	--

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Afirmación (<i>affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so</i>).</li> <li>- Exclamación (<i>What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!</i>).</li> <li>- Negación (<i>negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither</i>).</li> <li>- Interrogación (<i>Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags</i>).</li> <li>- Expresión do tempo: pasado (<i>past simple and continuous; present perfect; past perfect</i>); presente (<i>present simple and continuous</i>); futuro (<i>going to; will; present simple and continuous + Adv.</i>).</li> <li>- Expresión do aspecto: puntual (<i>simple tenses</i>); durativo (<i>present and past simple/perfect; and future continuous</i>); habitual (<i>simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to</i>); incoativo (<i>be about to</i>); terminativo (<i>stop –ing</i>).</li> </ul> <p>Expresión da modalidade: factualidade (<i>declarative sentences</i>); capacidade (<i>can; be able</i>); posibilidade/probabilidade (<i>may; might; perhaps</i>); necesidade (<i>must; need; have (got) to</i>); obriga(<i>have (got) to; must; imperative</i>); permiso (<i>may; could; allow</i>); intención (<i>present continuous</i>).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión da existencia (<i>e. g. there could be</i>); la entidade (<i>count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners</i>); a cualidade (<i>e. g. pretty good; much too expensive</i>).</li> <li>- Expresión da cantidade (<i>singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit</i>).</li> <li>- Expresión do espazo (<i>prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement</i>).</li> <li>- Expresión do tempo (<i>points (e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)</i>).</li> <li>- Expresión do modo (<i>Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry</i>).</li> </ul>	
--	--	--

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de conectores.</li> <li>- Have/get causative.</li> <li>- Phrasal verbs.</li> <li>- Gerund and infinitive.</li> </ul>	
--	---	--

## 5. Concreción, temporalización e grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliados

### 5.1. Concreción de estándares de aprendizaxe para 1º de ESO

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS					
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN		
			1ª	2ª	3ª
			E	E	E
			v	v	v
*PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a.	X	X	X
*PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente.	X	X	X
Por iso, coa aula virtual do centro (a que os alumnos teñen acceso dende o comezo do curso) como elemento vertebrador e vehicular, farase especial fincapé en actividades que supoñan unha mestura das catro principais destrezas: comprensión lectora, comprensión auditiva, expresión escrita e expresión oral. Algunhas destas actividades e recursos son:

- Actividades de lectura de texto e comprensión lectora
- Actividades de expresión oral baseada nun tema plantexado (gravacións ou vídeos)
- Actividades dos contidos gramaticais interactivas sacadas dos moitos recursos online de docencia en inglés que podemos atopar na internet, con autocorrección ou sen ela. Poderase propoñer diferentes niveis de complexidade para atender a



diversidade dos alumnos. Todo isto ademais dos propios exercicios e tarefas que poidamos elaborar os profesores da area de inglés.

- Actividades de produción textual (diferentes tipoloxías textuais) que deberán entregar, que poden incluír estratexias de “peer-reviewing”.
- Existencia dun chat online na que os alumnos poidan contactar con nosco
- Videoconferencias co alumnado
- Presentacións online
- Explicacións baseadas en documentos
- Instrucións na aula virtual
- Conversas en chats online

### **Material e recursos**

En tanto que non temos acceso ao elemento físico, ao contrario que na aula, deberemos usar como elemento vertebrador do curso a aula virtual do centro.

Asimesmo, a editorial Burlington ven de proporcionarnos códigos para que o alumnado poida acceder a versión dixital dos catro libros de texto da ESO e así poder facer as tarefas do libro na súa plataforma web, a que os profesorado poderá acceder para facer un seguimento do seu traballo.

O carácter dixital dos materiais que empregaremos obrigatoriedade neste suposto favorece o uso de material multimedia. A gran sorte da docencia en inglés é a existencia dunha cantidade inmensa de material adaptado e non adaptado que pode ser útil para a docencia de inglés, así como unha gran variedade de recursos que poden ser do interese do alumnado. Cada profesor terá marxe suficiente para poder ser creativo cos materiais empregados.

Agora ben, tendo en conta a situación socioeconómica do noso alumnado non podemos asumir que todos os alumnos dispoñan de equipos e conexión a internet. Neste caso compre que dende o centro se faga unha labor de identificación dos alumnos con problemas de conectividade, labor que xa está elaborada do curso pasado.

No caso de non ter un método de acceso a aula virtual estable, xa sexa por non ter o equipo necesario o por un problema de datos, daráselle ao alumno extensións dos prazos de entrega unha vez solventados estes problemas (incluíndo de ser posible unha cesión

por parte da administración de equipos). O profesor adaptará o método de entrega das tarefas a forma que se conveña máis a este alumnado (correo electrónico, mensaxe privada, chamada telefónica, comunicación co titor do alumno de ser preciso).

As tarefas, mostras de lingua, probas e exames seguirán vixentes e inalterados, máis a súa entrega será telemática. Os alumnos con dificultades de acceso ou de conectividade deberán ser tidos en conta e poderanse establecer canles alternativas de entrega por determinar (o curso pasado o concello da Cañiza involucrouse neste sentido, facéndolle chegar a estes alumnos documentos, tarefas e demais materiais)

### **Temporalización**

Non se contempla que a temporalización do curso se vexa afectada por unha situación de non presencialidade. Os contidos serán impartidos a un ritmo equivalente ao que contempla esta programación nun suposto presencial.

A excepción serán os alumnos con problemas de conectividade, a quen proporcionáraselle extensións axeitadas a súa situación, de ser o caso.

### **Avaliación**

Non se contempla que os criterios de avaliación do curso se vexan afectados por unha situación de non presencialidade. As posibles probas escritas serán telemáticas e tódalas tarefas recibirán un seguimento na aula virtual.

No tocante a observación sistemática do alumnado, co seu correspondente valor a hora de calificar as competencias, deberá ser adaptada nas competencias oráis, e deberá ser feita via telemática (videoconferencia, gravacións, videos...) na medida do posible.

Unha vez máis, teremos en conta a situación do alumnado con problemas de conectividade, e trataremos de dar solucións e alternativas a estes casos individuais. Creemos que a flexibilidade e o espírito de beneficiar ao alumno son os criterios que deben guiar a nosa labor docente neste contexto de non presencialidade.

## 16. Atención a diversidade

Un dos elementos que máis promovía a LOE e se segue promovendo coa LOMCE é a atención para a diversidade. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos **modificar ou adaptar** contidos ou a **metodoloxía** para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe ser sempre realizada en ambas direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de formas diferentes das actividades propostas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras e deberán ser consciente en tódolos momentos destas diferenzas, non só na hora de avaliar, senón tamén na hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación inicial e formativa empregaranse como instrumentos para identificar as necesidades do alumnado e o profesor de cada grupo ofrecerá **actividades de reforzo e extensión** que permitan dar una atención individualizada aos alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe.

A planificación da atención á diversidade débese centrar tamén en mellorar de xeito significativo o rendemento escolar, as actitudes perante as áreas de coñecemento, os hábitos de estudo (condicións ambientais, planificación, utilización de materiais, asimilación de contidos), a motivación ante o estudo, as aptitudes escolares e o autoconceito nos seus niveis académico, social, emocional e familiar. Polo tanto, cando abordamos a atención á diversidade é tamén moi importante traballar a competencia de **aprender a aprender** para que o alumno desenvolva as habilidades necesarias para poder alcanzar os obxectivos do curso de forma autónoma e que o seu proceso de aprendizaxe sexa exitoso no presente e cara o futuro. Para tal fin, o profesorado de lingua estranxeira fomentará a adquisición das estratexias necesarias a través do desenvolvemento do traballo de aula (clasificación de vocabulario, actividades previas a la comprensión oral, planificación y edición de textos orais e escritos, etc.)

Hai catro ámbitos esenciais no tocante a diversidade e heteroxeneidade dos alumnos na aula:

Para comezar tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

### **1. A capacidade para aprender a aprender**

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas, sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son quen de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Estes son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do Student's Book e do Workbook pois a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, por un lado ofrecen amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e por outro a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.

### **2. A motivación para aprender**

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, posto que depende de varios factores: por un lado, do historial de éxito ou de fracaso que tivese até ese momento e, polo outro lado, do proceso de aprendizaxe que seguise. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na maneira máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a escolla dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abrangendo non só o punto de vista do profesor/a a través de inquéritos, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades experiencias e contorno.

### **3. Os estilos de aprendizaxe**

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como ben se sabe, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e porén precisar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar concienciadamente e aprender máis amodo obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta con sistematicidade. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais incluíronse exercicios e táboas que os axuden a aprender e repasar o presentado paso a paso, ao igual que unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Tamén se prestou unha atención especial “á modalidade sensorial preferente” dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posibles maneiras de levar á práctica o que se aprendeu.

Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades se tiveron en conta os distintos modos de aprendizaxe, ofrecendo aos alumnos/as máis analíticos numerosas oportunidades: táboas, preguntas de comprensión, esquemas e exercicios, e moita e moi variada práctica. Ademais, ao final das unidades de repaso do Student's Book dáselles a posibilidade de facer proxectos guiados para que practiquen o vocabulario e as estruturas aprendidas, coas instrucións detalladas no Workbook e o material de apoio preciso para facer presentacións orais na clase.

#### **4. Os intereses dos alumnos/as**

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender os distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student's Book coma no Workbook. Ao final do Student's Book incluímos un apéndice de ortografía en inglés e ao final do Workbook un glosario, así como apéndices de gramática, escritura e conversación na lingua materna dos alumnos/as para os que precisen apoiarse máis na presentación teórica.

No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión e expresión

escrita e actividades extraopcionais para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen dúas páxinas de repaso e unha de ampliación por unidade que permiten atender á diversidade. Ao final deste compoñente encóntrase o caderno Language Builder que subministra xogos e divertidas actividades para consolidar o vocabulario. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na [www.burlingtonbooks.es/](http://www.burlingtonbooks.es/) xogos de vocabulario e exercicios interactivos de gramática, actividades interactivas de listening baseadas en aspectos socioculturais e inquéritos de opción múltiple e as gravacións das cancións do Student's Book e dos ditados do Workbook.

O **Teacher's Manual** ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de ditado, listening, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar adicional ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.

O **Teacher's All-in-One Pack** ofrece un test de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrecen nove exames (un por unidade), tres trimestrais e dous finais, todos eles en tres niveis de dificultade para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. As follas de traballo dividíronse do seguinte xeito:

- Extra Practice (subministran práctica adicional co mesmo nivel que o presentado na unidade)
- Extension (enfocadas para que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dun xeito máis significativo e motivador)

Tamén proporciona un test con actividades de comprensión e expresión oral por unidade e trimestre e outro final, todo iso nun mesmo nivel de dificultade.

Todos os tests deste compoñente están dispoñíbeis en formato Word no **Test Factory and Other Editable Resources** co fin de poder editalos e facer cambios atendendo ás necesidades da aula.

## 17. Criterios e procedementos para realizar as adaptacións curriculares

As adaptacións pertinentes para aqueles alumnos con necesidades especiais realizaranse en colaboración co departamento de orientación e centraranse en:

- 1 Tempo e ritmo de aprendizaxe
- 2 Metodoloxía máis personalizada
- 3 Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- 4 Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- 5 Aumentar a atención orientadora.
- 6 Enriquecemento curricular.
- 7 Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

Algúns exemplos de posibles adaptacións inclúen:

- A. Para o alumnado con altas capacidades intelectuais facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.
- B. Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.
- C. Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe e alumnado extranxeiro: se adoptarán tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tais.

Cando as adaptacións non son suficiente temos os Programas de Mellora, por medio dos cales un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo en outro tipo de actividades educativas, ben como as ofertas en espazos opcionais, ben como actividades deseñadas especialmente para el/ela, que

poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, así como os contidos, competencias e estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación e promoción, pero accedería a eles a través doutro tipo de actividades.

## **18. Actividades complementarias e extraescolares**

Neste curso 2021-22 (a data de presentación da presente programación) o Departamento non ten previsto organizar ningunha actividade complementaria ou extraescolar, tendo en conta as características especiais derivadas da crise sanitaria do COVID-19. Moitas das posibles actividades complementarias crearían un conflito co protocolo COVID, actualizado en varias ocasións pola consellería. En calquera caso, si durante o curso surxira calquera actividade de interese que se poda facer cunhas garantías de seguridade para os alumnos e compatible co protocolo COVID, os profesores estarán sempre gustosos de participar.

Ao mesmo tempo, seguindo o Proxecto Lector do centro, o departamento facilita lecturas en inglés aos alumnos que voluntariamente o elixan, no tempo de lectura en horario lectivo.

## **19. Accións para a contribución ao proxecto lector do centro**

Recibimos cada día un feedback dos alumnos que non augura nada bo para coa materia de Lingua Inglesa, porén o departamento fai este proxecto lector e colabora cos demais departamentos no Plan Lector Anual do centro.

Vemos que hai unha falta de interese, unha apatía cara á lectura que estamos dispostos a cambiar aportando o noso graniño de area. Deste xeito, aproveitando o interese dos alumnos polos cómics, xogos, música,... pensamos utilizalo para conseguir que estean motivados pola lectura. Así lograremos que melloren as súas notas, non só en Inglés, senón que tamén lles axudará nas demais materias xa que ler é pensar, comprender, analizar, decidir, sentir e vivir.



### **19.1. Obxectivos**

En Lingua Inglesa os alumnos traballan con moitos textos ó longo do curso, xa que é unha das catro destrezas básicas. Tamén teñen que traballar con distintos libros en inglés ou readers para acadar os seguintes obxectivos:

- Acadar unha boa competencia lectora, mellorando día a día a pronuncia en inglés.
- Afianzar e enriquecer o vocabulario.
- Dedicar un tempo exclusivo á lectura en inglés.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Conseguir que os alumnos acaden unha autonomía responsable e crítica á hora de elixir información e lecturas que lles aporten riqueza e novos coñecementos.
- Incrementar a formación cultural e científica.
- Acadar a capacidade necesaria para crear as súas propias historias en inglés.
- Aprender a disfrutar coa lectura á vez que se enriquecen aprendendo, respectando e valorando, non só unha lingua estranxeira, senón tamén unha cultura diferente.
- Desenvolver a atención, comprensión e concentración.
- Mellorar as habilidades comunicativas dos alumnos.

### **19.2. Metodoloxía**

Tentaremos traballar coa maior variedade de textos posible atendendo ó nivel dos alumnos en lingua inglesa, e ademais tratarase de mostrarlles textos orixinais sempre que sexa posible facendo fincapé na finalidade da lectura e no obxectivo que corresponda. Deste xeito traballaremos os seguintes obxectivos e finalidades:

- Disfrutar.
- Buscar unha información concreta.
- Realizar actividades que lles axuden a comprender e analizar un texto.
- Informarse sobre un feito determinado.

- Analizar a finalidade dun texto, do seu autor, e formar unha opinión propia para ser capaz de expresar e defender en inglés esa opinión.
- Todo o anterior é posible de conseguir se atendemos ós seguintes principios:
- Escoller textos que estean adaptados ó seu nivel para que non se rindan e aburran ante a dificultade.
- Buscar a súa motivación proporcionándolles textos e formatos do seu agrado e interese.
- Fixar os obxectivos da lectura con claridade.
- Practicar distintos tipos de lectura e escritura.
- Practicar estratexias de comprensión antes, durante e despois da lectura.

### 19.3. Actividades

#### **Actividades de comprensión lectora.**

##### 1. Antes da lectura.

- Facerlles ver os obxectivos da lectura: ler para obter unha información, para seguir instrucións, para obter unha información xeral, para aprender, para revisar o propio escrito, por pracer, para comunicar un texto a un auditorio, para practicar a lectura en voz alta ou para amosar que se comprende.
- Afianzar e activar o coñecemento previo.
- Realizar actividades para o desenvolvemento da atención e a memoria.
- Facer actividades para mellorar a pronuncia en inglés e traballar o vocabulario.

##### 2. Durante a lectura:

- Lectura expresiva e exemplificadora do profesor.
- Lectura individual e silenciosa do alumno antes da lectura en voz alta.
- Lectura en voz alta coidando a dicción, entonación, etc., para favorecer a correcta expresión oral e a comprensión do texto.
- Completar textos con lagunas, engadir finais, reescribir segundo diversos criterios.

- Resumir.
- Facer hipóteses sobre o que vai pasar ou vai atopar nun texto.

### 3. Despois da lectura:

- Identificar o tema, distinguir entre ideas principais e secundarias. Resumir.
- Subliñar, engadir ou substituír palabras clave.
- Titular o texto.
- Escribir un final distinto.
- Establecer a progresión temática.
- Formular e responder preguntas, determinar a finalidade do texto, deducir conclusións, opinar sobre o lido.
- Traballar coa prensa (impresa ou dixital), sempre seleccionada previamente polo profesor para que poida axustarse ó nivel do alumnado.

### 4. Outras actividades:

- Proposta de lectura de libros obrigatorios en inglés.
- Proposta de lectura de libros, cómics, cancións, acontecementos, etc, de forma voluntaria (sobre todo en 3º e 4º da ESO) que poidan levar a compartir opinións e debatir temas oralmente na clase.
- Recomendación para que a Biblioteca do centro adquira determinados libros que poidan ser de interese para o alumnado.
- Colaboración coa Biblioteca e Departamento de Lingua Galega na actividade do Club de lectura.
- Colaboración activa na organización de actividades relacionadas coa lectura e o libro: visitas de autores, día do libro, día das letras galegas...

### **Actividades de expresión escrita:**

- Escribir textos empregando o vocabulario aprendido.
- Suprimir repeticións, realizar substitucións, engadir conectores.

- Simplificar un texto complexo ou ampliar un texto sinxelo.
- Elaborar textos libres utilizando a información adquirida.
- Elaborar resumos ou traballos de investigación documental que permitan traballar competencias lingüísticas, desenvolver habilidades como a búsqueda de información, uso das TIC, etc.
- Dictados.
- Búsqueda da corrección lingüística.
- Búsqueda da educación documental e integración das TIC.
- Búsqueda de información relacionada cun tema proposto, utilizando
- Internet, enciclopedias, libros especializados... como complemento do tema que se está estudiando na clase ou para a realización de traballos.
- Elaboración de fichas e guías de referencia.

#### **19.4. Temporalización**

En cada unha das sesións de lingua inglesa de todo o curso levaremos á práctica o noso plan de lectura e lle adicaremos un tempo específico á lectura nunha sesión cada dúas semanas.

#### **19.5. Itinerarios lectores**

Atendendo ós intereses e gustos do alumnado en xeral propoñemos dous libros de lectura obrigatoria para cada curso e un listado de libros a escoller para que os alumnos poidan ter a opción de ler voluntariamente libros adaptados ó seu nivel.

#### **Libros de lectura obrigatoria para o curso académico 2021-2022**

- **1º da ESO:**
  - Winston, Emily: All about Britain, Burlington Activity Readers.
  - Lindop, Christine: Sally's Phone, Oxford University Press

- **2º da ESO:**

- Dickens, Charles: A Christmas Carol, Burlington Original Readers.
- Winston, Emily: All about the USA, Burlington Books, Activity readers

- **3º da ESO**

- O' Reilly, Elaine: Pirates of the Caribbean, the Curse of the Black Pearl, Pearson English Readers.
- Sir Arthur Conan Doyle: A Sherlock Holmes Collection, Burlington Books, Activity readers

- **4º da ESO**

- Kendall, Sue: Villains!, Burlington Books, Activity Readers
- Bram Stoker: Dracula. Burlington Books, Activity Readers

**Lecturas voluntarias para 1º e 2º da ESO**

- Lost in the Jungle
- More Ghost Tales
- The Crown
- Into the Pyramid
- Sally's Phone
- A Ghost Collection
- The Road through the Hills and other stories
- Fruit Tree Island
- Drive into Danger
- Starman
- Mystery in London
- A Pretty Face
- William Tell and other stories
- Jeremy Taylor

### **Lecturas voluntarias para 3º da ESO**

- Sport stars
- Strange tales
- The Swan and the Hitch-hiker
- Phantom of the Opera
- Invisible man
- Who I am?
- Robinson Crusoe
- King Solomon's mines
- Kidnapped
- Danger at Shark Rock
- Myths and legends
- More sports stars
- A Dream come true
- Midsummer Night's Dream
- The Challenge
- The Hacker
- The Portrait of Dorian Grey
- The Castle of Darkness

### **Lecturas voluntarias para 4º da ESO**

- Around the world in 80 days
- Huckleberry Finn
- Gangsters
- How to be a millionaire
- Oliver Twist
- Treasure Island
- My family and other animals
- Romeo and Juliet
- Innocent victim
- Ransom of Red chief
- Call of the wild
- Dr. Jekyll and Mr. Hyde

- More strange tales
- Man in the iron mask
- Secrets of Silver Lake
- Scarlet Pimpernel
- A sense of danger
- The skating detective
- Underwater adventure
- The impostor

## **19.6. Seguimento e avaliación**

Os criterios de avaliación están deseñados en torno á lectura e á expresión oral e escrita. Así se terán en conta estes aspectos:

- Mostrar iniciativa e interese pola lectura.
- Empregar a biblioteca, con autonomía e responsabilidade, como fonte de información.
- Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica.
- Comprender textos orais e escritos.
- Producir textos coherentes e ben organizados.
- Utilizar o vocabulario específico das lecturas noutros contextos.
- Ser capaz de expoñer unha opinión sobre a lectura.
- Adquirir criterios propios na selección de lecturas.

## **20. Accións para a contribución ao plan de convivencia**

O Departamento de Inglés comprométese a seguir e apoiar as directrices indicadas no Plan de Convivencia do centro. Tamén consideramos que no desenvolvemento da materia de lingua inglesa podemos traballar aspectos fundamentais relacionados coa convivencia como poden ser o respecto polo material, o respecto nas relacións interpersoais entre o alumnado e profesorado e o respecto polo entorno.

Estes son os nosos obxectivos:

1. Educar ó alumnado para a convivencia democrática incorporando na nosa práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
2. Respetar a liberdade de conciencia e conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
3. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro e na aula durante as actividades complementarias e extraescolares favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
4. Manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
5. Reflexionar sobre a igualdade de capacidades e dereitos.
6. Concienciar ó noso alumnado da necesidade de formar persoas partindo da igualdade para lograr ter un futuro máis democrático e equitativo.

## **21. Tratamento do fomento das TICs**

No momento actual é prioritario fomentar e desenvolver o coñecemento e uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación por parte do alumnado como parte fundamental da súa formación tanto a nivel global como a nivel concreto da aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

O profesor utilizará na aula distintos recursos dixitais (libros dixitais, internet, CDROMs) destinados a proporcionarlle ó alumnado un maior aproveitamento no desenvolvemento das destrezas necesarias na aprendizaxe da lingua inglesa.

As visitas á aula de informática (habituais en cursos anteriores), non poderán facerse este ano ao serén loxisticamente ou ben difíciles ou ben incompatibles co protocolo COVID do centro.

A pizarra interactiva existente no centro tamén é unha ferramenta increíble para achegarlles as vantaxes e inmensas posibilidades das novas tecnoloxías.



Asimesmo usaránse lecturas adaptadas sobre o mundo da tecnoloxía da información e as súas aplicacións.

Finalmente, nos libros de texto de tódolos niveis sempre se inclúen seccións de vocabulario tecnolóxico.

## 22. Avaliación do proceso de ensino e práctica docente

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, tanto durante o proceso, para poder adaptalos ás necesidades de cada grupo de alumnos, como unha vez finalizado o curso, para poder cambiar todos aqueles aspectos que non houberen funcionado ou para facer as melloras oportunas. Todos estes resultados serán reflexados na memoria de departamento. A continuación incluímos unha plantilla cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	
Disribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

## 22.1. Concreción dos indicadores do proceso de ensino

Indicadores	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				

11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

A escala é a seguinte:

1. non
2. as veces
3. a maioría das veces
4. sempre

Ao finalizar o curso os profesores completaran os cuestionarios, reflexionarán e debatirán os resultados para tomar medidas e mellorar o proceso ensino-aprendizaxe.

## 22.2. Concreción dos indicadores da práctica docente

Indicadores	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				

7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

A escala é a seguinte:

1. non
2. as veces
3. a maioría das veces
4. sempre

Ao finalizar o curso os profesores completaran os cuestionarios, reflexionarán e debatirán os resultados para tomar medidas e mellorar o proceso ensino-aprendizaxe.

### **23. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

No proceso de ensinanza-aprendizaxe debe realizarse un seguimento da programación, pois ás veces hai que actualizala dependendo das características peculiares do alumnado. Por iso, nas reunións de Departamento faremos un seguimento dos temas e dos resultados dos alumnos, a través, sobre todo, das probas de avaliación e as cualificacións acadadas nese momento. Isto implica moitas veces a esixencia de adecuar o ritmo da programación ás necesidades puntuais que nos atopamos na clase

Unha programación didáctica é un documento que debe estar aberto a posibles cambios para así poder modificar aqueles apartados que na práctica docente non se adecúen á realidade da aula. Así pois, a propia autoavaliación da programación didáctica debe ter en conta o grao de consecución dunha serie de parámetros relativos a aspectos fundamentais que se indican a seguir:

- Obxectivos didácticos previstos na programación.
- Aplicación da metodoloxía.
- Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación previstos.
- Resultados académicos por parte do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Aplicación en cada un dos cursos dos apartados previstos na programación didáctica.

A análise global da programación será realizada na reunión final de curso onde, ao considerar os resultados obtidos segundo os parámetros indicados anteriormente, introducíranse as medidas de mellora, os cambios e correccións que se estimen oportunos.

Ademáis das aprendizaxes dos alumnos, o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente, o departamento de inglés avaliará de forma continua os elementos da programación docente e a posta en práctica do proxecto curricular . É dicir aspectos como a oportunidade da selección, distribución e secuenciación dos contidos ó longo da etapa, a idoneidade dos métodos pedagóxicos empregados e dos materiais didácticos propostos, a adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación e os resultados das medidas de “atención á diversidade” adoptadas .

A nosa programación é completamente flexible en todos os aspectos que non son prescriptivos, polo tanto adaptarase en todo momento ó tipo de alumnado que atopemos en cada grupo. Os resultados da avaliación inicial serán claves para a primeira revisión, adaptación e modificación da nosa programación, de xeito que ésta se adapte ós seus intereses e necesidades.

Unha vez coñecidos os resultados de cada unha das avaliacións nas que se divide o curso, o departamento reunirase para comentar os resultados e problemas atopados e tomar as medidas pertinentes para poder mellorar os resultados e solventar ditos problemas, o que suporá de novo unha revisión, avaliación e modificación da nosa programación e práctica docente. Finalmente, na última avaliación, tomaranse decisións e faranse modificacións para o curso seguinte tendo en conta todos os tipos de avaliación realizadas durante o curso e sempre cara unha mellora da programación.

Desgraciadamente, non todas as medidas para a mellora da programación dependen dos docentes. O número de alumnos por curso fai inviable a boa práctica para a adquisición das destrezas orais, principalmente a de produción.

Cómpre indicar que a programación didáctica do curso chegará ao alumnado e ás familias a través de dous medios:

1. Os profesores informarán ao principio de curso os puntos esenciais da programación: criterios de cualificación, materiais didácticos e medios de recuperación.
2. A programación estará a disposición da comunidade educativa no centro e publicada na páxina web do mesmo.

A avaliación da programación farase a través dos indicadores de logro que avalían o proceso de ensino e a práctica docente (véase apdo. 23). A análise disto e dos resultados académicos, realizada nas reunións de departamento ao longo do curso e cuxo contido quedará reflectido no libro de actas do departamento, pode supoñer a modificación de aspectos da programación, tanto a nivel de obxectivos, como de recursos ou metodoloxía procurando sempre aportar cambios que supoñan unha mellora.

Para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos, o departamento deseñou este instrumento, no que 4 é a cualificación máis alta e 1 a máis baixa:

Indicadores	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				



16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. .				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Esta programación ten sido revisada e aceptada polos membros que compoñen este Departamento.